

**PREGO DE PRESCRICIONS TÉCNICAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN POR
PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MAIS VANTAXOSA, VARIOS
CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO CONTRATO DE
SUBMINISTRO DE MAQUINARIA DE PARQUES E XARDINS PARA O CONCELLO
DE AMES.**

1.- OBXECTO

O presente prego ten por obxecto definir as condicións técnicas e de subministro da maquinaria de parques e xardíns.

A maquinaria deberá cumprir coas seguintes especificacións:

- Homologación coas Directivas de Máquinas da C.E.
- Normativas de Seguridade vixentes na C.E.
- Sistema de Xestión Medioambiental (ISO, EMAS) das empresas.

2.- CANTIDADES E LOTES

A maquinaria a adquirir divídese en lotes obxecto da adxudicación por separado. Cada licitador poderá presentar oferta aos lotes que considere oportuno. Non é necesario presentar oferta a todos os lotes.

Os lotes son:

	Descrición	Prezo máximo estimado	Total Lote estimado
LOTE nº 1	1 tractor segadora / cortacespede profesional gasolina de triturado / mulching e recollida con transmisión hidrostática	6.500 Euros	6.500 Euros
LOTE nº 2	1 segadora / cortacespede autopropulsada a gasolina de catro tempos	4.000 euros	11.700 Euros
	6 desbrozadoras / motoguadañas a gasolina de 2 tempos profesionais ou forestais	6.000 Euros	
	1 cortasetos a gasolina de dous tempos	500 Euros	
	1 motoserra de poda a gasolina de dous tempos	500 Euros	
	1 pértega de poda con espada e cadea a gasolina de dous tempos	700 Euros	
LOTE nº 3	1 limpadora a alta presión da auga fría profesional	1.500 Euros	1.500 Euros
LOTE nº 4	1 Biotrituradora Autónoma	15.290 Euros	15290 Euros

3.- ESPECIFICACIONES TÉCNICAS

Toda a maquinaria cumprirá coas especificacións e reunira os elementos de seguridade previstos na correspondente normativa da Unión Europea así como de prevención de riscos laborais.

Para facilitar a comparación de ofertas, é obrigatorio cumprimentar as táboas técnicas resumen que figuran como Anexo IV do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Toda maquinaria deberá estar deseñada, ter características e ratios de funcionamento profesionais para un mínimo de 1.848 horas anuais ou 7 horas diarias.

As especificacións requiridas para cada tipo de máquina son as que se sinalan a continuación:

LOTE 1:

1 TRACTOR SEGADORA / CORTACESPEDE PROFESIONAL GASOLINA DE TRITURADO / MULCHING E RECOLLIDA CON TRANSMISIÓN HIDROSTÁTICA E

Cantidad: 1 tractor segadora / cortacespede profesional gasolina de triturado / mulching e recollida con transmisión hidrostática.

Especificacións técnicas mínimas esixibles:

- Ancho de corte > 95 cm
- Motor > 14 Kw e dous cilindros.
- Transmisión: Hidrostática
- Radio xiro inferior a 70 centímetros
- Arranque eléctrico
- Capacidade do recolledor > 195 l.
- Contador de horas
- Visor ou indicador de nivel de combustible
- Equipo recolledor de céspede desmontable.
- Ancho máximo 130 centímetros x 190 centímetros de largo máximo sen equipo recolledor de céspede.
- Axuste de altura de corte dende o posto do operador

LOTE 2:

1 SEGADORA / CORTACESPEDE AUTOPROPULSADA A GASOLINA DE 4 TEMPOS, 6 DESBROZADORAS / MOTOGUADAÑAS A GASOLINA DE 2 TEMPOS PROFESIONAIS OU FORESTAIS, 1 CORTASETOS A GASOLINA DE 2 TEMPOS, 1 MOTOSERRA DE PODA A GASOLINA DE 2 TEMPOS, 1 PÉRTEGA DE PODA CON ESPADA E CADEA A GASOLINA DE 2 TEMPOS.

Cantidad: 1 segadora / cortacespede autopropulsada a gasolina de 4 tempos

Especificacións técnicas mínimas esixibles:

- Uso profesional
- Ancho de corte > 45 cm
- Potencia > 2,5 Kw
- 3 ou máis velocidades. Velocidade variable ou varias velocidades
- Autopropulsado
- Corte con triturado tipo mulching e recollida.
- Chasis reforzado
- Rodas con rodamentos reforzadas (as rodas)
- Capacidade do recolledor > 50 l.
- Arnes e Careta

Cantidad: 6 desbrozadoras/motoguadañas a gasolina de 2 tempos profesionais e forestais

Especificacións técnicas mínimas esixibles:

- Varal recto con manillar
- Cabezal: nylon, dúas saídas e cuchilla matorrales
- Cilindrada: > 40 c.c.
- Potencia: > 2 kw
- Uso profesional

- Arnes, careta

Cantidade: 1 cortasetos a gasolina de 2 tempos,

Especificacións técnicas mínimas esixibles:

- Espada dobre corte
- Lonxitude espadas entorno a 600 <-> 700 mm.
- Manillar xiratorio
- Cilindrada: > 20 c.c
- Potencia: > 0,65 Kw
- Uso profesional

Cantidade: 1 motoserra de poda a gasolina de 2 tempos

Especificacións técnicas mínimas esixibles:

- Uso profesional
- Cilindrada: > 20 cc.
- Potencia: > 0.90 kw
- Espada de corte entre 20 e 35 cm.
- Freo de cadea

Cantidade: 1 pértega de poda con espada e cadea a gasolina de 2 tempos.

Especificacións técnicas mínimas esixibles:

- Potencia: > 0.8 Kw
- Cilindrada > 20 cc.
- Lonxitude total con equipo de corte non inferior a 2,20 metros. Espada > 20 cm
- Uso profesional

LOTE 3:

1 LIMPADORA A ALTA PRESIÓN DE AUGA FRÍA PROFESIONAL.

Cantidade: 1 limpadora de alta presión de auga fría profesional

Especificacións técnicas mínimas esixidas:

- Uso profesional
- Máximo: 3.200 w, monofásica 230 voltios
- Presión traballo: > 140 Bar/15 mPA. Temperatura ambiente auga
- Pistola con boquilla regulable
- Compacta con rodas e asa
- Lonxitude manguera > 8 metros
- Posibilidade de presión regulable en maquinaria

LOTE 4:

1 BIOTRITURADORA AUTONOMA.

Cantidade: 1 Biotrituradora Autonomía

Especificacións técnicas mínimas esixidas:

- Potencia: = ou > de 22 CV

- Alimentación: Gasolina / Diesel
- Boca de Alimentación: dobra tolda
- Sistema de corte: coitelas dobre uso-martelos/coitelas
- Sistema antiatasco
- Alimentación: mínimo dobre rodillo
- Xiro de cheminea: = ou > 270°
- Sistema de transporte: carro homologado
- Diámetro de rama admitido: = ou 13 cm

4.- GARANTÍA

O período de garantía será mínimo de dous anos en pezas e man de obra, sen perxuízo do que fixe o licitador na súa oferta.

Dita garantía amparará no tempo o bo rendemento do equipo e as ratios de funcionamento propios de un uso profesional das máquinas,

A firma subministradora asumirá integramente durante o período de garantía a responsabilidade do funcionamento de todos os grupos, conxuntos e compoñentes, aínda cando non sexa o seu fabricante.

Durante o período de garantía o adxudicatario substituirá, comprendendo os gastos de man de obra e materiais, nun tempo mínimo, as anomalías recoñecidas como defectuosas por vicio de proxecto, de construción ou de material.

5.- ASISTENCIA TÉCNICA

O adxudicatario comprometese a facilitar os medios de asistencia técnica necesarios para a correcta explotación da maquinaria durante toda a vida útil do subministro.

O servizo de asistencia técnica da marca resolverá cantos problemas técnicos lle formule o Concello de Ames en relación coa óptima explotación das máquinas e, en particular, atendendo a toda clase de consultas sobre prevención e reparación de avarías, utilaxe e instrumentación, aplicación de novas tecnoloxías e, no seu caso, estendendo as garantías normais..

A firma subministradora estará obrigada a manter durante toda a vida útil do equipo, a existencia de subministros para substituír cantas pezas, compoñentes e grupos sexan necesarios. Existirá a obrigación por parte do subministrador de facilitar calquera elemento de recambio necesario para a maquinaria, admitíndose prazos superiores para conxuntos de compoñentes de uso non habitual.

6.- DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

Entregarase con cada máquina unha copia dixital e outra en papel dos manuais de uso, mantemento, despece completo, planos de circuitos eléctricos, neumáticos e/ou hidráulicos en castelán ou en galego.

7.- FORMACIÓN

O adxudicatario estará obrigado a desenvolver, sen custo adicional algún para o Concello de Ames, e nas instalacións que este designe, con un número de horas suficiente, cursos de formación para o manexo e mantemento da maquinaria.

Todos os gastos derivados da formación: manuais, viaxes, desprazamentos, etc., serán por conta do adxudicatario.

8.- DOCUMENTACIÓN TÉCNICA A ENTREGAR COA OFERTA

Queda terminantemente prohibido, en aras do secreto das proposicións que os licitadores inclúan no sobre A calquera referencia aos datos que deben obrar no sobre B (referencias técnicas) e sobre C (oferta económica) . O incumprimento de esta esixencia dará lugar obrigatoriamente á inadmisión dos licitadores que incurrisen no mesmo.

A documentación técnica presentarase no sobre B, e recollerá de forma clara e sucinta

posible ademais da información que se reflicte no anexo IV do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares a seguinte a maiores:

- Ficha técnica resumen das máquinas ofertadas (anexa ao prego de Cláusulas Administrativas Particulares)
- Outra información técnica da maquinaria, fotos, catálogos, certificados de conformidade, fichas técnicas en castelán, etc., con información sobre elementos mecánicos, electricidade, neumática e hidráulica, chasis, software, consumos e emisións.
- Información sobre as operacións de mantemento preventivo e de mantemento correctivo mais habituais
- Información sobre o Servizo Técnico Oficial en Galicia
- Información sobre seguridade
- Información sobre a formación aos nosos operarios (horas, contidos, etc)